

SESIÓN ORDINARIA DO COMITÉ DE CALIDADE DA ESCOLA DE DOUTORAMENTO INTERNACIONAL DA USC (EDIUS) DO DIA 21 DE XANEIRO DE 2021.

Dá comezo a xuntanza ás 9:30 horas, coa orde do día indicada e coa presenza dos seguintes membros: Pablo Taboada Antelo, Eva Rodil Rodríguez, Carolina López Gómez, Juan Bautista Zalvide Torrente, José Miguel Túnhez López, Marco Eugenio Vázquez Sentís, José Manuel Cifuentes Martínez, Isabel Fraga Carou, Ana María Porto Castro, Rosa María Crujeiras Casais, Juan Manuel Monterroso Montero

Desculpan asistencia: José Angel Fernández Escribano, Ángel García Alonso, Dolores Vilavedra Fernández, Beatriz Álvarez Díaz, Margarita Estevez Súa

ORDE DO DIA

1. Aprobación acta anterior
2. Informe do presidente da EDIUS
3. Informe dos subdirectores da EDIUS
4. Informe das alegacións ao informe provisional da ACSUG para a acreditación do programa de doutoramento en Comunicación e Información Contemporánea.
5. Informe sobre o escrito do programa de doutoramento en Estatística e Investigación Operativa ao informe provisional de acreditación da ACSUG.
6. Asuntos de trámite
7. Rogos e Preguntas

1. Aprobación, se procede, da acta anterior

Aprobase a acta da comisión do día 01/12/2021.

2. Informe do presidente da EDIUS

- No mes de novembro tivo lugar a última visita da ACSUG para a acreditación dos programas de doutoramento (PD), polo tanto, dáse por finalizado dito proceso. Neste intre, estamos á espera de recibir algún dos informes de avaliación, tanto provisionais como finais, das últimas visitas.
- Informar que, estase a elaborar un documento guía de axuda para os programas de doutoramento que deben, segundo indica o informe de acreditación da ACSUG, realizar unha modificación substancial da súa memoria do programa de doutoramento. Pretendese que as novas memorias dos programas de doutoramento sexan o mais homoxéneas posibles.
- Está prevista unha reunión coa ACSUG para aclarar o punto do requisito que deben cumprir os programas do punto "Criterios mínimos de calidade aplicables ao PD". Agardamos que este encontro teña lugar brevemente, xa que, é necesario aclarar este punto antes da elaboración das novas memorias dos PD.
- O xefe do servizo de calidade e mellora dos procedementos da USC, José Manuel Villanueva, xubilouse no mes de decembro, neste momento estase a espera do nomeamento dun substituto.
- Para o mes de febreiro está prevista unha reunión do Comité de dirección da EDIUS onde un dos puntos a tratar será o enfoque que se lle quere dar á próxima convocatoria de premios extraordinarios de doutoramento. Unha vez

sexa debatido no comité de dirección pasará a trataranse nas comisións sectoriais de cada área de coñecemento.

3. Informe dos subdirectores da EDIUS

Non hai

4. Informe das alegacións ao informe provisional da ACSUG para a acreditación do programa de doutoramento en Comunicación e Información Contemporánea.

A comisión de calidade acordou emitir un informe favorablemente as alegacións a o informe provisional da ACSUG para a acreditación do programa de doutoramento en Comunicación e Información Contemporánea.

5. Informe sobre o escrito do programa de doutoramento en Estatística e Investigación Operativa ao informe provisional de acreditación da ACSUG.

A comisión de calidade acordou ratificar o informe de reflexión escrito polo programa de doutoramento en Estatística e Investigación Operativa ao informe provisional de acreditación da ACSUG.

6. Asuntos de trámite

No hai

7. Rogos e Preguntas

- O prof. JM fai unha consulta sobre a nova convocatoria de contratos predoutorais da USC e o Banco Santander. O director da EDIUS, primeiro de nada, indica ca escola de doutoramento non participou en ningún momento na devandita convocatoria, é mais, non tivo coñecemento dela ata a súa publicou oficialmente. Sen embargo, indica que esta mesma semana reuniuse coa Vicerreitora de investigación e trasladoulle as dúbidas sobre esta convocatoria. Mais concretamente, sobre como actuar ante a posibilidade de que xurdan solicitudes de matrícula de novos estudantes de doutorando fóra do prazo ordinario de matrícula, sobre todo en programas de doutoramento que non teñan prazas vacantes. Polo momento, aínda que estamos a espera das indicacións da vicerreitoría de investigación e titulacións, os alumnos que solicitan a axuda deberan estar matriculados nalgún PD, ou de selo caso deberán matricularse do 3 ao 7 de febreiro utilizando a 2º convocatoria ordinaria de matrícula.
- O prof. JM fai outra consulta sobre a que deben facer os PD que non teñan o informe provisional ou final da avaliación da acreditación da ACSUG e que consideran que deben solicitar a modificación da memoria na convocatoria actualmente aberta ata o 11 de febreiro, declaración de intencións. O director da EDIUS indica que váiselles enviar un correo electrónico os programas de doutoramento que estean nese caso onde se lles indicará co mellor e presentar unha declaración de intencións de solicitude de modificación de dita memoria.

Sen mais asuntos que tratar levantase a sesións as 10:00 h

O Presidente

A Secretaria

Asdo.: Pablo Taboada Antelo

Asdo.: Eva Rodil

Sinaturas dixitais / Firmas digitales / Digital signatures

Asinante/Firmante/Signer: PABLO TABOADA ANTELO, DIRECTOR DA ESCOLA DE DOUTORAMENTO INTERNACIONAL, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 02/02/2022 09:51:51.

Asinante/Firmante/Signer: EVA RODIL RODRIGUEZ, NIF ***2074**, 02/02/2022 09:43:55.

CSV: 1F38-0370-42AA-AD2A